

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE FOMENTO

**12620** *Real decreto 1001/2010, do 5 de agosto, polo que se establecen normas de seguridade aeronáutica en relación cos tempos de actividade e os requisitos de descanso dos controladores civís de tránsito aéreo.*

A Lei 9/2010, do 14 de febreiro, pola que se regula a prestación de servizos de tránsito aéreo, se establecen as obrigas dos provedores civís dos ditos servizos e se fixan determinadas condicións laborais para os controladores civís de tránsito aéreo, modificou o modelo de prestación de servizos civís de tránsito aéreo en España, provistos ata este momento de forma exclusiva pola entidade pública empresarial Aeroportos Españois e Navegación Aérea, en diante AENA.

Esta lei establece que AENA continuará prestando en exclusiva os servizos de tránsito aéreo de control de área e control de aproximación, así como os de información de voo, alerta e asesoramento asociados aos volumes de espazo aéreo nos cales se presten tales servizos. Os servizos civís de tránsito aéreo de aeródromo, dentro de bloques específicos de espazo aéreo, poderán ser prestados por outros provedores civís de servizos de tránsito aéreo certificados.

Neste novo contexto, a implementación da lei e a efectiva liberalización nos servizos de tránsito aéreo de aeródromo exixen establecer as condicións de seguridade operacional nas tarefas de control de tránsito aéreo que garantan a prestación segura destes servizos, ao tempo que permite ordenar e racionalizar o traballo das dependencias de control coa suficiente flexibilidade. Con este obxectivo e co de asegurar o necesario descanso dos controladores civís de tránsito aéreo, o artigo 3 da Lei 9/2010, do 14 de abril, establece os tempos de actividade e descanso destes profesionais aeronáuticos pero establece, non obstante, na súa disposición derradeira terceira, unha habilitación ao Goberno para regular, logo de consulta aos sindicatos máis representativos a nivel estatal e ás organizacións profesionais sectoriais, o tempo de actividade e descanso dos controladores de tránsito aéreo.

Publicado este regulamento e transcorridos os períodos transitorios de aplicación, quedarán derogadas as previsións do artigo 3 da lei, coa excepción do límite máximo de 80 horas extraordinarias conforme o establecido no texto refundido do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo.

Conforme iso, este real decreto establece as normas de seguridade operacional aplicables aos tempos de actividade e descanso dos controladores civís de tránsito aéreo, para asegurar que a fatiga non compromete a seguridade do tráfico aéreo. Segundo o previsto no Real decreto 1561/1995, do 21 de setembro, sobre xornadas especiais de traballo, estas normas de seguridade operacional son compatibles coa lexislación laboral, que será de aplicación no regulado expresamente nel, e conforme a cal se garanten os dereitos laborais dos controladores aéreos, incluída a saúde e seguridade no traballo.

Para determinar estas normas de seguridade aeronáutica en relación co tempo de actividade e descanso dos controladores de tránsito aéreo tomáronse en consideración as prácticas e regulacións internacionais máis avanzadas na materia, tales como a normativa da *Federal Aviation Administration* dos Estados Unidos ou a *CAP 670* británica, esta última unha das máis avanzadas e exixentes pero ao mesmo tempo flexible, requisito necesario para adaptarse aos diferentes tamaños de provedores que a tipoloxía dos diferentes aeroportos británicos e o seu tráfico presenta.

Aprovéitase así a experiencia do dereito comparado para achegar un alto grao de seguridade operacional ao tráfico aéreo e ofrecer unha elevada protección contra os efectos da fatiga, permitindo, ao tempo, unha adecuada flexibilidade de programación, necesaria para a prestación dos servizos de control de tránsito aéreo. Así se pon de

manifesto nos datos do provedor de servizos británico, que opera coas regras da CAP 670. A aplicación destas regras permítelle unha dispoñibilidade operativa dos seus controladores compatible cunha das produtividades máis altas de Europa, todo iso garantindo altos estándares de seguridade.

Conforme estes precedentes, este real decreto establece os períodos máximos de actividade aeronáutica, entendendo por tal aquela en que o controlador de tránsito aéreo exerce de forma efectiva as atribucións da anotación de unidade da súa licenza, nunha posición operacional, en diante actividade operacional, así como os descansos parciais, a imaxinaria realizada no lugar de traballo e o tempo dedicado á formación de unidade realizada con tráfico real. Así mesmo, regúlanse os períodos máximos de actividade aeronáutica consecutivos que pode realizar un controlador de tránsito aéreo e os tempos mínimos de descanso.

A actividade operacional abórdase impoñendo a realización de descansos parciais de duración variable en función das cargas de traballo.

Establécense regras específicas en relación coa actividade nocturna, de madrugada ou matinal, definindo estas en función das horas entre as cales transcorre ou da hora de comezo da actividade. A hora tomada en consideración para a definición da actividade como nocturna, de madrugada ou matinal, en todo caso, é a hora local do posto de traballo. Regúlanse os períodos máximos de imaxinaria e recóllese a formación práctica de traballo usando simuladores que, mesmo cando non ten a consideración de actividade aeronáutica, si se computará como tempo de traballo efectivo.

Por último, e atendendo á necesidade de garantir a seguridade e continuidade do tránsito aéreo, prevese que, ante circunstancias excepcionais non programables, o provedor designado para a prestación destes servizos baixo a supervisión da Axencia Estatal de Seguridade Aérea poida modificar, cos límites previstos e con carácter temporal, os períodos de actividade aeronáutica e os descansos. Así mesmo, e para o suposto de circunstancias excepcionais de carácter programable, habíltase a Axencia Estatal de Seguridade Aérea para autorizarlle ao provedor de servizos programacións que permitan atender as necesidades do tráfico.

Como medida complementaria regúlanse as condicións das áreas de descanso e as instalacións necesarias para atender as necesidades ordinarias derivadas da permanencia no lugar de traballo.

Por último, complementase a regulación vixente establecendo que actividades forman parte do tempo de traballo efectivo e cales do tempo de presenza dos controladores de tránsito aéreo.

O ente público Aeroportos Españois e Navegación Aérea debe adaptarse ás regras de actividade e descanso recollidas neste real decreto, integrando ao seu sistema de quendas de traballo as regras de seguridade e descanso que se implementan a través desta norma. Para iso concédeselle na disposición transitoria única un período de adaptación ata o 1 de novembro de 2012. Ademais, débese tomar en consideración a práctica existente en AENA de cambios de quendas, o cal se regula no punto segundo da disposición transitoria ben que con carácter extraordinario, baixo a responsabilidade de AENA e a supervisión da Axencia Estatal de Seguridade Aérea.

Na tramitación deste real decreto solicitouse o informe do Ministerio de Traballo e Inmigración e contouse coa participación das organizacións profesionais dos controladores de tránsito aéreo, dos sindicatos máis representativos, da Confederación Española das Organizacións Empresariais (CEOE) e de AENA.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Fomento, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 30 de xullo de 2010,

DISPOÑO:

## CAPÍTULO I

### Disposicións xerais

#### Artigo 1. *Obxecto e fins.*

Este real decreto constitúe a normativa específica por razóns de seguridade operacional para a xornada especial dos controladores de tránsito aéreo e ten por obxecto establecer as normas en materia de seguridade operacional da navegación aérea en relación cos tempos de actividade e descanso dos controladores civís de tránsito aéreo, co fin de asegurar que a fatiga non compromete a seguridade operacional do tránsito aéreo.

#### Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

O disposto neste real decreto será de aplicación aos provedores civís de servizos de control de tránsito aéreo designados para a prestación destes servizos. Así mesmo, este real decreto será aplicable aos controladores civís de tránsito aéreo que presten servizos de control de tránsito aéreo para os ditos provedores e aos titulares dunha licenza civil de alumno controlador de tránsito aéreo durante a formación de unidade realizada con tráfico aéreo real.

#### Artigo 3. *Obrigas dos provedores civís de servizos de control de tránsito aéreo.*

Sen prexuízo do resto das obrigas que a normativa vixente impón aos provedores designados para a prestación de servizos de control de tránsito aéreo, estes deberán:

- a) Cumprir o previsto neste real decreto en todas as unidades para as cales fosen designados.
- b) Programar a actividade aeronáutica dos controladores de tránsito aéreo por meses naturais.
- c) Publicar no centro de traballo a programación a que se refire a letra anterior, cunha antelación mínima de 10 días.

#### Artigo 4. *Definicións.*

Para efectos do previsto neste real decreto entenderase por:

a) Actividade operacional: tempo durante o cal un controlador de tránsito aéreo exerce de maneira efectiva as atribucións da anotación de unidade da súa licenza nunha posición operacional.

b) Actividade aeronáutica: tempo no cal o controlador de tránsito aéreo realiza unha actividade operacional, incluíndo ademais os descansos parciais, o período de imaxinaria computable para estes efectos segundo o disposto no artigo 13 e o tempo dedicado á formación de unidade xestionando tráfico aéreo real.

Para o cómputo da actividade aeronáutica mensual, consideraranse meses de 30 días ou 720 horas consecutivas.

c) Descanso parcial: tempo exento de actividade operacional que computa como actividade aeronáutica.

d) Descanso: período ininterrompido e definido de tempo durante o cal un controlador de tránsito aéreo queda relevado de toda actividade e da prestación de imaxinaria.

Para o cómputo dos descansos mensuais, consideraranse meses de 30 días naturais ou 720 horas consecutivas.

h) Imaxinaria: gardas localizadas ou período durante o cal e de forma previamente organizada o controlador de tránsito aéreo está á disposición do prestador de servizos de tránsito aéreo e durante o cal pode ser requirido para prestar servizo de control de tránsito aéreo.

i) Período de actividade: duración da actividade aeronáutica ou operacional, segundo sexa o caso, que debe realizar o controlador de tránsito aéreo conforme a organización deseñada polo provedor designado para a provisión de servizos de control de tránsito aéreo.

## CAPÍTULO II

**Limitacións de tempos de actividade aeronáutica e requisitos de descanso**

Artigo 5. *Período de actividade aeronáutica diaria, mensual e anual.*

1. A duración máxima dun período continuo de actividade aeronáutica é de 10 horas e deberá garantirse un descanso mínimo de 12 horas entre a finalización dun período de actividade aeronáutica e o inicio do seguinte.

2. A actividade aeronáutica mensual non superará as 200 horas.

3. A actividade aeronáutica anual non excederá as 1.670 horas, sen prexuízo da posibilidade de ser incrementada con horas extraordinarias ata un máximo de 80 horas anuais, de acordo co disposto no artigo 35 do texto refundido do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo.

Artigo 6. *Períodos consecutivos de actividade aeronáutica e descansos.*

1. A duración dos períodos consecutivos de actividade aeronáutica non poderá exceder as 50 horas. Tampouco se poderán realizar máis de seis períodos consecutivos de actividade aeronáutica con independencia da duración diaria de cada período de actividade aeronáutica.

Ao finalizaren os períodos de actividade aeronáutica previstos no parágrafo anterior, deberásele garantir ao controlador de tránsito aéreo un descanso mínimo de 60 horas, que se poderán reducir sempre que se respecte, como mínimo, o previsto no punto seguinte.

2. O descanso mensual mínimo será de 180 horas distribuídas, ao menos, en tres períodos de descanso dunha duración mínima, cada un deles, non inferior a 54 horas.

3. Cando o provedor de servizos de control de tránsito aéreo programe menos de seis períodos consecutivos de actividade aeronáutica, sempre que a duración total da actividade aeronáutica durante eles sexa inferior a 50 horas, o descanso mensual mínimo será o indicado no punto anterior. Non obstante, poderase reducir a duración mínima dalgún dos períodos de descanso a 48 horas.

Artigo 7. *Períodos de actividade operacional e descansos parciais.*

A duración máxima dun período de actividade operacional continuo non excederá as dúas horas, e deberase garantir cando finalice un descanso parcial mínimo de 30 minutos, salvo o previsto no artigo 8.

Non obstante, o provedor designado para a prestación de servizos de control de tránsito aéreo poderá decidir que o descanso parcial previsto no parágrafo anterior se fraccione no transcurso do dito período operacional de 2 horas, sempre que garanta que a suma dos descansos parciais fraccionados acade a duración mínima de 30 minutos.

Artigo 8. *Unidades con períodos de baixa densidade de tráfico e torres monoposición.*

1. Nas unidades que presenten períodos de baixa carga de traballo e a actividade do tráfico aéreo ao cal se presta servizo sexa descontinua, o provedor designado para a prestación de servizos de control de tránsito aéreo poderá ampliar a duración do período de actividade operacional continuo ata un máximo de 4 horas.

Na ampliación da duración do período de actividade operacional continuo deberá asegurarse ao controlador de tránsito aéreo un descanso ou descansos parciais equivalentes ao establecido no artigo 7, que se ampliará de forma proporcional ao tempo en que se ampliase o período de actividade operacional.

Con antelación suficiente á ampliación da duración do período de actividade operacional continuo, o provedor designado para a prestación de servizos de control de tránsito aéreo deberá remitir á Axencia Estatal de Seguridade Aérea un informe no cal xustifique a ampliación en atención ás demandas de tráfico, ás posicións operacionais e calquera outra circunstancia relevante para efectos da dita ampliación.

2. Nas torres de control cuxa carga de traballo permita que sexan atendidas por unha soa posición operacional, o período de actividade aeronáutica continua poderá ampliarse ata un máximo de 12 horas.

No caso de que se produza esta ampliación, garantírase que o controlador de tránsito aéreo goza dun descanso parcial durante o período diario de actividade aeronáutica de, ao menos, 1 hora e 30 minutos, que poderá ser distribuído libremente polo provedor designado para a prestación de servizos de control de tránsito aéreo. Neste suposto non se aplicará a duración máxima do período de actividade operacional continuo previsto no artigo 7.

O provedor designado para a prestación de servizos de control de tránsito aéreo deberá establecer a coordinación cos servizos de control de aproximación que resulte necesaria para garantir o descanso parcial previsto no parágrafo anterior.

#### Artigo 9. *Relevos.*

1. Para asegurar o traspaso de funcións ordenado no relevo dos controladores ao inicio e finalización dun período de actividade aeronáutica, o provedor designado para a prestación de servizos de control de tránsito aéreo poderá ampliar a duración máxima do período continuo de actividade aeronáutica polo tempo que se requira para facer a transferencia, ata un máximo de 15 minutos.

O período de tempo dedicado a facer o traspaso de funcións computará como actividade operacional para o controlador que finalice a súa actividade.

Para o controlador de tránsito aéreo que inicie o seu período de actividade, esta ampliación non computará para efectos de duración máxima do período de actividade aeronáutica, aínda que si será computable como tempo de traballo efectivo.

2. A duración mínima de cada un dos períodos de descanso previstos no artigo 6 poderase reducir ata un máximo de 30 minutos para os exclusivos efectos previstos no punto anterior; e deberá garantirse, en todo caso, o número de horas de descanso mensual.

#### Artigo 10. *Período de actividade aeronáutica nocturna.*

1. Considérase actividade aeronáutica nocturna aquela que transcorre, total ou parcialmente, entre a 01:30 horas e as 05:29 horas.

2. A duración máxima do período continuo de actividade aeronáutica nocturna é de 9 horas 30 minutos e deberá concluír como moi tarde ás 07:30 horas.

Cando finalice un período de actividade aeronáutica nocturna deberase garantir un descanso mínimo de 48 horas antes do seguinte período de actividade diúrna, salvo que o provedor designado para a prestación de servizos de control de tránsito aéreo programe dous períodos consecutivos de actividade aeronáutica nocturna, caso en que deberá respectarse o disposto no punto 2.

3. Soamente se poderán realizar dous períodos consecutivos de actividade aeronáutica nocturna e, cando finalicen, deberá garantirse un período mínimo de descanso de 54 horas.

#### Artigo 11. *Período de actividade aeronáutica de madrugada.*

1. Considerase actividade aeronáutica de madrugada a que comeza entre as 05:30 horas e as 06:29 horas.

2. A duración máxima do período continuo de actividade aeronáutica de madrugada será de 8 horas.

3. Nun período consecutivo de 6 días ou 144 horas, soamente se poderán realizar dous períodos de actividade aeronáutica de madrugada.

Tampouco se poderán realizar máis de dous períodos consecutivos de actividade aeronáutica de madrugada cando ambos comecen antes das 06:00 horas.

4. Cada período de actividade aeronáutica de madrugada que comece antes das 06:00 horas considerarase como dous períodos de actividade aeronáutica matinal para efectos das limitacións previstas no artigo 12.2.

5. Nas unidades en que, para reforzar o descanso, o provedor designado para a prestación de servizos de control de tránsito aéreo reducise a 1 hora 30 minutos a duración

máxima do período de actividade operacional continuo previsto no artigo 7, deberanse cumprir as seguintes limitacións dos períodos de actividade operacional:

a) Na actividade aeronáutica de madrugada que comece antes das 06:00 horas, todos os períodos de actividade operacional estarán limitados a 1 hora 30 minutos en calquera posición operacional, estea designada como de descanso reforzado ou non.

b) Na actividade aeronáutica de madrugada que comece ás 06:00 horas ou despois da dita hora, en calquera posición operacional, estea designada como de descanso reforzado ou non, a primeira actividade operacional estará limitada a 1 hora 30 minutos.

#### Artigo 12. *Período de actividade aeronáutica matinal.*

1. Considérase actividade aeronáutica matinal a que comeza entre as 06:30 horas e as 07:59 horas.

1. A duración máxima do período continuo de actividade aeronáutica matinal será de 8 horas 30 minutos.

2. Non se poderán realizar máis de cinco períodos de actividade aeronáutica matinal consecutivos. Para o cálculo deste límite contabilizaranse os períodos de actividade aeronáutica de madrugada, e computaranse como dobres aqueles aos cales se refire o artigo 11.4.

#### Artigo 13. *Imaxinaria.*

1. A duración máxima dun período de imaxinaria é de 20 horas.

O tempo de imaxinaria no lugar do traballo computará dobre para efectos da limitación prevista no parágrafo anterior.

2. O período de imaxinaria non computará como actividade aeronáutica se se realiza fóra do lugar de traballo. A imaxinaria realizada no lugar de traballo computará como actividade aeronáutica mesmo cando o controlador non sexa convocado para a realización de actividade operacional. Neste último suposto, á actividade operacional que realice o controlador de tránsito aéreo, ademais das limitacións, ampliacións e descansos que lle resulten aplicables conforme o establecido nos artigos anteriores, seralle de aplicación o límite previsto no punto primeiro.

3. Nun período consecutivo de 6 días ou 144 horas non se poderán realizar máis de dúas imaxinarias.

4. Tras un servizo de imaxinaria nocturna en que o controlador non fose convocado ao seu centro de traballo ou cando realice a imaxinaria nocturna no centro de traballo, garantiráselle un descanso de, ao menos, ata o mediodía do día seguinte ao do servizo nocturno cuberto pola dita imaxinaria.

5. O provedor designado para a prestación de servizos de control de tránsito aéreo evitará, na medida do posible, que nunha imaxinaria o controlador de tránsito aéreo sexa convocado en máis dunha ocasión ao lugar de traballo.

#### Artigo 14. *Simuladores.*

1. A formación práctica de traballo en que se usen simuladores e as avaliacións correspondentes non teñen a consideración de actividade aeronáutica. Non obstante, computaranse como tempo de traballo efectivo.

2. As probas e avaliacións en simulador que teñan lugar nos períodos de descanso previstos no artigo 6 deberanse programar de forma que se lle asegure ao controlador de tránsito aéreo:

a) Un descanso mínimo de 40 horas entre o final da proba ou avaliación en simulador e o inicio da actividade aeronáutica, ou

b) Un descanso mínimo de 24 horas, antes e despois da proba ou avaliación.

#### Artigo 15. *Áreas de descanso e outras instalacións.*

1. O provedor designado para a prestación de servizos de control de tránsito aéreo deberá poñer á disposición dos controladores de tránsito aéreo instalacións adecuadas



para que durante os descansos parciais se poidan recuperar, na medida do posible, da fatiga física ou mental.

2. As instalacións de descanso deberán consistir, ao menos, nunha sala separada, afastada da sala de operacións e razoablemente tranquila. Deberá dispoñer de mobiliario adecuado e suficiente para o persoal que simultaneamente se poida encontrar nun período de descanso parcial.

3. Así mesmo, o provedor designado para a prestación de servizos de control de tránsito aéreo deberá poñer á disposición dos controladores de tránsito aéreo instalacións adecuadas para a preparación e almacenamento de alimentos ou bebidas ou instalacións onde obtelas que, neste caso, deben estar a unha distancia razoable da unidade.

## CAPÍTULO III

### Outras disposicións

*Artigo 16. Modificación dos períodos de actividade aeronáutica e descansos por circunstancias imprevistas.*

1. Cando sexa preciso para dar resposta a circunstancias imprevistas, temporais e de curta duración, tales como dificultades na unidade ou demandas de tráfico inhabituais non previsibles, o provedor designado para a prestación de servizos de control de tránsito aéreo poderá modificar temporalmente os períodos de actividade aeronáutica ata un máximo de 2 horas 30 minutos. Nestes casos o descanso antes do seguinte período de actividade incrementárase en catro horas.

2. Tan pronto como sexa posible, o provedor designado para a prestación de servizos de control de tránsito aéreo comunicará á Axencia Estatal de Seguridade Aérea a modificación realizada e, en todo caso, nun prazo non superior a 72 horas desde que se acordou a modificación dos períodos de actividade aeronáutica.

3. A comunicación á Axencia Estatal de Seguridade Aérea deberá conter información detallada sobre os seguintes extremos:

- a) As razóns que xustifican a necesidade da medida e outras alternativas valoradas, así como as causas que desaconsellan a adopción destas últimas.
- b) Os tempos de actividade aeronáutica e os descansos, así como os límites da actividade operacional continua e os descansos parciais, previstos ou acordados, segundo sexa o caso.
- c) A duración da medida.

4. A ampliación inxustificada dos períodos de actividade aeronáutica considérase incumprimento do disposto neste real decreto e poderá dar lugar ás responsabilidades administrativas que resulten procedentes.

*Artigo 17. Modificación dos períodos de actividade aeronáutica para atender demandas extraordinarias de tráfico aéreo.*

1. Cando sexa preciso para dar resposta a circunstancias extraordinarias previsibles de carácter temporal, o provedor designado para a prestación de servizos de control de tránsito aéreo poderá modificar temporalmente os períodos de actividade aeronáutica e os descansos previstos no capítulo anterior, logo de autorización pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea.

2. Na solicitude de autorización, o provedor designado para a prestación de servizos de control de tránsito aéreo deberá identificar:

- a) As circunstancias extraordinarias que xustifican a modificación e a súa duración.
- b) A programación dos tempos de actividade aeronáutica e os descansos, así como os límites da actividade operacional continua e os descansos parciais.
- c) As medidas alternativas consideradas e as razóns que as desaconsellan.

A Axencia Estatal de Seguridade Aérea, con antelación suficiente para permitir a aplicación da programación, autorizará a modificación cando quede acreditada a concorrencia das circunstancias extraordinarias de carácter temporal e a dificultade ou

desproporción de adoptar outras medidas alternativas, sempre que a programación a que se refire a letra b) respecte os límites previstos no artigo 18.

Entenderase concedida a autorización para modificar temporalmente os períodos de actividade aeronáutica e os descansos cando a Axencia Estatal de Seguridade Aérea non ditase a súa resolución cinco días hábiles antes da data de aplicación da programación para a cal se solicita autorización.

3. No exercicio desta facultade, a Axencia Estatal de Seguridade Aérea deberá ter en conta:

- a) A cantidade, o tipo e a complexidade do tráfico recente e as previsións de tráfico manexadas na unidade e a posición de que se trate.
- b) As horas de funcionamento publicadas da unidade.
- c) O patrón de cambios na operación no momento de calquera cambio que se trate.
- d) A cualificación e a dispoñibilidade de persoal de apoio e de supervisión.
- e) Os problemas excepcionais de persoal temporal.
- f) O equipamento en uso na unidade.
- g) Os problemas excepcionais de equipamento temporal.
- h) O tipo de posto na unidade.
- i) Os factores que poden compensar, ou beneficios que poidan derivar de calquera modificación, e
- j) Outras cuestións que a Axencia Estatal de Seguridade Aérea considere pertinentes ou que fosen postas en evidencia polo provedor designado para a prestación de servizos de control de tránsito aéreo.

Artigo 18. *Límites ás modificacións dos períodos de actividade.*

As modificacións dos períodos de actividade e descansos que se produzan como consecuencia do disposto nos artigos 16 e 17 deben respectar, en todo caso:

- a) O límite da actividade aeronáutica mensual previsto no artigo 5.2.
- b) Un período mínimo de descanso de 180 horas mensuais, se é o caso, computadas nun período de 2 meses.

Artigo 19. *Obrigas de información.*

1. A Axencia Estatal de Seguridade Aérea poderalle solicitar ao provedor designado para a prestación de servizos de control de tránsito aéreo a seguinte información:

- a) Unha copia da programación prevista e, se é o caso, información sobre calquera cambio que se producise a continuación.
- b) Os detalles de actividade aeronáutica realmente realizada incluíndo os rexistros dos períodos de actividade.

Esta información facilitarase no prazo indicado na solicitude formulada pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea, que en ningún caso poderá superar 30 días respecto da data de petición:

2. Para efectos do disposto no punto anterior, o provedor designado para a prestación de servizos de control de tránsito aéreo disporá dun rexistro de persoal en cada dependencia no cal quede constancia dos períodos de actividade aeronáutica, do comezo, a duración e o termo de cada un dos períodos de actividade aeronáutica ou actividade operacional e dos tempos de descanso. No rexistro deberán constar as ampliacións ou limitacións dos períodos de actividade e descanso, así como as modificacións sobre a actividade inicialmente programada.

Disposición adicional única. *Tempo de traballo efectivo e tempo de presenza dos controladores de tráfico aéreo.*

Para efectos do disposto nos artigos 8 e 14 bis do Real decreto 1561/1995, do 21 de setembro, sobre xornadas especiais de traballo, unicamente se considerará tempo de traballo efectivo dos controladores civís de tránsito aéreo aquel no cal o traballador se



encontre á disposición do provedor designado para a prestación de servizos de control de tránsito aéreo e realizando unha actividade aeronáutica, así como a formación práctica de traballo en que se usan simuladores e as avaliacións correspondentes, e outros traballos auxiliares relacionados coa súa actividade aeronáutica.

Consideraranse tempos de presenza, non computables para efectos da duración máxima da xornada ordinaria de traballo, nin para o límite máximo das horas extraordinarias, os tempos de imaxinaria fóra do lugar de traballo, os recoñecementos médicos necesarios para obter ou manter a licenza de controlador de tránsito aéreo, a formación continuada distinta da formación práctica de traballo prevista no parágrafo anterior ou outras similares.

Para os controladores de tránsito aéreo, o tempo de traballo nocturno é o previsto no artigo 10.

Disposición transitoria única. *Adecuación dos tempos de actividade e descanso na entidade pública empresarial Aeroportos Españois e Navegación Aérea.*

1. A entidade pública empresarial Aeroportos Españois e Navegación Aérea (AENA) elaborará, no prazo de dous meses desde a entrada en vigor do real decreto, un plan que asegure a continuidade no servizo en todas as unidades e permita adaptar progresivamente os tempos de actividade e descanso dos controladores de tránsito aéreo que presten servizos ao dito provedor ao previsto neste real decreto. Este período de adaptación debe finalizar como moi tarde o 1 de novembro de 2012.

2. Os controladores de tránsito aéreo poderán solicitar a AENA cambios nas quendas de traballo por razóns extraordinarias de carácter persoal. O ente público poderá autorizar os ditos cambios de quendas de maneira excepcional e será responsable o dito ente público da garantía da seguridade, continuidade e sustentabilidade económica e financeira na prestación do servizo.

Se o cambio afectase o réxime de descansos previsto neste real decreto, AENA deberá proceder a comunicar cada autorización concedida á Axencia Estatal de Seguridade Aérea de conformidade co sinalado no artigo 16 deste regulamento, e deberanse respectar, en todo caso, os límites previstos no artigo 18.

Disposición derradeira primeira. *Réxime supletorio.*

No non previsto expresamente neste real decreto será de aplicación o disposto no Real decreto 1561/1995, do 21 de setembro, sobre xornadas especiais de traballo.

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.20ª e 7 da Constitución, que lle atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia de control do espazo aéreo, tránsito e transporte aéreo e en materia de lexislación laboral.

Disposición derradeira terceira. *Desenvolvemento normativo.*

Facúltase o ministro de Fomento para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e aplicación deste real decreto.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 5 de agosto de 2010

JUAN CARLOS R.

O ministro de Fomento,  
JOSÉ BLANCO LÓPEZ